

TRES VOCES

UMS'n JIP
duración 90 min.

sábado 16 de outubro, 17h.

IGREXA CONVENTUAL DE SAN FRANCISCO, Pontevedra

“A miña obsesión pola superficie é o tema da miña música. Nese senso, as miñas composicións non son realmente *composicions* en termos absolutos. Poderíamos chamalas lenzos de tempo que máis ou menos preparo co matiz xeral da música. Aprendín que canto máis se compón ou se constrúe, máis se impide que o *Tempo Imperturbable* se converta na metáfora arredor da que se organiza a música”.

“Cando compoño, penso nas cores dun tapiz e nunha especie de coloración microcromática total. Iso permíteme poñer a proba a natureza do material musical. As celas parécenme o mellor xeito de transmitir esta idea de *cor musical con medios sinxelos*”.

“Non son reloxeiro. Interésame o tempo no seu estado desestruturado”.

Morton Feldman

Morty, como era coñecido polos seus amigos, adicaba a meirande parte dos seus ingresos a mercar alfombras turcas do século XIX. Unha afección con profundas repercusións no seu traballo. Tiña predilección polas pequenas alfombras dos nómades, cuxos modelos evolucionan simétricamente a nivel de detalle sen que estes cambios teñan consecuencias significativas na estrutura compositiva final dos tapices. Feldman estaba fascinado con estes tecedores anónimos indiferentes á consecución de resultados máis “definitivos”. Pola contra —e de xeito totalmente consciente— cometían “erros” na fabricación do tecido, con consecuencias evidentes para a continuidade do proceso. Nestes pequenos “defectos”, tan ricos en consecuencias para a composición global da alfombra, Feldman albiscou correspondencias co seu propio traballo; parecían amosar un camiño.

Escoitaremos hoxe “Tres Voces” (1982) de Morton Feldman na versión de UMS ‘n JIP para voz masculina, frauta de pico baixo e soporte fixo. Un canto á amizade de dous amigos desaparecidos: o pintor Phil Guston (Montreal, 1913 - Nova Iorque 1980) e o poeta Frank O’Hara (Baltimore, 1926 - Long Island, 1966). Explica el mesmo: “Un dos meus amigos máis próximos, o pintor Philip Guston, acababa de morrer; Frank O’Hara morrera varios anos antes. Concebín a peza con Joan diante e os dous altofalantes detrás dela. Hai algo de lápida no aspecto dos altofalantes. Pensei na peza como un intercambio da voz en directo cos mortos: unha mestura de vivos e mortos”. Se orixinalmente “Tres Voces” fóra concibido para soprano e cinta magnética ou tres sopranos en vivo, na versión de UMS ‘n JIP a voz en vivo conversa co son da frauta baixo en directo e a voz gravada.

Cecáis sexa Morton Feldman (Manhattan, Nova Iorque, 1926 - Buffalo, Nova Iorque, 1987) o compositor máis axeitado para describir este período de suspensión temporal que acabamos de vivir durante o confinamento. E probablemente estamos agora en disposición de escoitar as súas *paisaxes de sons flotando no baleiro* dun xeito diferente. Sons entre o tempo e o espazo, entre a pintura e a música, despoixados dos xestos instrumentais convencionais, dos xiros adquiridos na cultura occidental, nunha *dimensión global que sostén os elementos en equilibrio*, mantendo *esta tensión, ou este estado, á vez conxeadado e en vibración*.

“Tempo: poucos souberon usalo como Feldman: en pouco menos de 75 minutos, os pequenos xestos cantados en “Tres voces” convértese en once palabras. Feldman concedeu tempo aos sons mesmos. Tempo para desenvolver o seu significado, para mostrar o seu carácter. “Tres Voces” ilumina onde evolucionan os sons, o que afirma a súa conexión co tempo.” (T. Meyer)

O POEMA DE FRANK O’HARA

WIND

to Morton Feldman

Who’d have though
that snow falls
it always circled whirling
like a thought

in the glass ball
around me and my bear

Then it seemed beautiful
containment
snow whirled

nothing ever fell
nor my little bear
bad thoughts

imprisoned in crystal
beauty has replaced itself with evil

And the snow whirls only
in fatal winds
briefly

then falls
it always loathed containment
beasts

I love evil

Frank O’ Hara

From *The Collected Poems of Frank O’Hara*, edited by Donald Allen, University of California Press (1995), p.269

VENTO*

a Morton Feldman

Quen pensaría
que a neve cae
sempre xirando en círculos
coma un pensamento

na bola de cristal
a redor de mín e do meu oso

Entón pareceume fermosa
a contención
a neve xirou

nunca caeu nada
nin o meu pequeno oso
malos pensamentos

presos no cristal
a beleza substituíuse a si mesma polo mal

E a neve somentes xira
en ventos letais
brevemente logo cae

sempre aborrección a contención
monstruos

Encántame o mal

Frank O’Hara

De *Poemas reunidos de Frank O’Hara*, editados por Donald Allen, University of California Press (1995), p.269

*Feldman en “Tres Voces” só emprega as dúas primeiras liñas do poema. O musicara na súa totalidade con anterioridade en 1962 en *The O’Hara Songs*.

UNHA REFLEXIÓN SOBRE O XÉESE E A HISTORIA DE “TRES VOCES”

Notas de Joan La Barbara para a súa interpretación de “Tres Voces” de Feldman como parte da retrospectiva sobre Morton no Lincoln Center Festival, Nova York, agosto de 1996.

En 1981, escribinlle a Morty desde Berlín, onde me atopaba, pedíndolle unha obra para orquestra. Respostoume explicando os problemas para conseguir actuacións orquestrais e que tiña outra cousa en mente. Non moito despois, envioume “Tres voces”. Na carta que o acompañaba, datada o 23 de abril de 1982, escribía:

“Querida Joan,
Pois aquí está.

Estou algo sorprendido co son máis que sensual —diría que “fermoso” da maior parte da obra— nunca esperaría ter transitado ese roteiro. Me adibras son das dúas liñas iniciais de “Vento”, un poema que as acabou Frank O’Hara. Creo que o Frank tivo moito que ver con algúns dos aspectos “fermosos” da peza ...

O sistema inferior é o que cantas “en directo”, os outros dous están divididos en capas —nin idea de onde colocar os dous altofalantes— ademais é unha das poucas pezas nas que non especifiquei indicación metronómica nengunha. Porque sinto que é o teu ton e a túa respiración o que debe sinalar o tempo-. Debe soar ou ben “lento”, ou nunha lentitude “rápida” (sexa o que sexa que iso significa).

Por suposto, sempre podes devolve-lo por calquera motivo.

Todo o amor por ti e Mort
do outro

Morty”

Cando empecei a traballar nela, chameino para coñecer a duración total da obra para poder incluíla nos vindeiros recitais. “Creo que son uns 45 minutos”, respostou, así que programei un canto a outras pezas en varios concertos. Mais, de súpeto, en canto comecei a gravar as dúas voces agudas, volví a chamalo con pánico. “Morty”, dixen, “case dura o dobre! Uns noventa minutos!” “Si”, dixo, “sempre pensei que sería así de longa”.

E esa foi a duración da primeira interpretación, que comezou ás 23:00 e transcurriu ata ben despois de entrada a medianoite... coma unha eternidade que acontece nun espazo amplo e fermoso.

Estiven devastada cando morreu. Como derradeira homenaxe permanente e tributo ao meu amigo, decidín rexistrar “Tres Voces” e descubrín que noventa minutos eran demasiado longos para un só CD. Non quería dividilo en dous discos, así que volví ás figuras máis rápidas da partitura e aprendín a cantalas máis rápidas, o máis rápido que puider, mantendo a claridade de cada son. O resultado final estivo moi preto da súa idea orixinal de 45 minutos.

Ambas versións funcionan. Na máis rápida, unha é empurrada de súpeto nunha treboada desde a inítrada de intrincada acordes e pode sentir ao oso de O’Hara atrapado na treboada de neve, nunha bola de neve que xira en círculos e nunca cae: “Nunca cae nada.” Na versión máis lenta de noventa minutos, experimentáanse oasis individuais dunha paisaxe sonora máis preciosa e luxosa e cecáis podemos abandonar a crudeza fascinante do expresionismo abstracto pola “nada” dende unha perspectiva máis nihilista.

Despois de anos cantando a versión rápida, atopei un novo significado na versión máis lenta e lánquida. Máis que unha peza de concerto, esta obra é unha vida no tempo dunha noite. Morty díxome unha vez que vía aos altofalantes como lápidas e á voz en directo conversando cos espíritos. Para el, eran as voces dos seus amigos Philip Guston e Frank O’Hara as que foron enterradas alí; a voz en directo era a del. Deume a voz para cantar.

Joan La Barbara

OS INTÉRPRETES

UMS ‘n JIP son Ulrike Mayer-Spohn (UMS), frautas de pico e electrónica e Javier Hagen (JIP), voz e electrónica. Como un dos dúos suízos máis activos na escena avantgarde UMS ‘n JIP participan nunha rede internacional de creación xunto con compositores, artistas visuais, directores de escena, investigadores, universidades e festivais.

UMS ‘n JIP exploran as posibilidades de mesturar a voz, as frautas de pico e a electrónica en todo tipo de formatos. O seu especial interese pola colaboración a longo prazo, o intercambio de coñecemento e a sensibilización, aporta contexto ás novas creacións e redunda nun incremento exponencial de contido artístico.

UMS ‘n JIP foi convidado a actuar en prestixiosos festivais de música contemporánea en todo o mundo: Zürich, Lucerna, Donaueschingen, Stuttgart, Berlín, París, Venecia, Barcelona, Atenas, Estambul, O Cairo, Moscú, Shanghai, Hong Kong, Seúl, Tongyeong, Tokio, Bos Aires, Cidade de México e Nova Iorque.

Teñen estreado centos de obras, colaborando simultaneamente con compositores noveles e consagrados de todo o mundo como Heiner Goebbels, Wolfgang Rihm, Mauricio Kagel, Jennifer Walshe, Wolfgang Mitterer, Erik Oña, Luis Codera Puzo, Chikashi Miyama, Du Yun, Huang Ruo e Guo Wenjing. Poden mirar cara atrás en máis de 1200 concertos desde o seu debut en 2007 e son un dos conxuntos de música contemporánea máis activos de todo o mundo, achegando obras novas e consagradas non só a lugares famosos senón tamén a público que non ten fácil acceso a actuacións en directo de música contemporánea de máxima calidade.

Individualmente ou como dúo, UMS ‘n JIP recibiron numerosos encomendas e premios e foron convidadas a compartir os seus coñecementos en universidades de renome de Europa, América e Asia. JIP tamén é o director do Foro Suízo do Festival de Música Contemporánea Wallis e o actual presidente de ISCM Switzerland, tamén actúa nos consellos da Conferencia Europea de Promotores de Nova Música ECPNM (2014-8), a Swiss Music Edition e a Comisión da UNESCO para o Inventario do Patrimonio Cultural Inmaterial no Cantón do Valais (2009-18). Desde 2013, UMS foi pioneira en varios proxectos de investigación: Mapa da Frauta de Pico [Recorder Map] e Frautoloxía [Recorderology], e o dúo foi convidado a actuar como expertos no proxecto i-Treasures do 7o PM da Unión Europea.

VINDEIROS CONCERTOS

martes 19 de outubro, 20h.
EDIFICIO CASTELAO DO MUSEO DE PONTEVEDRA,
Pontevedra
NOEUD-COL

domingo 24 de outubro, 19h.
AUDITORIO DA XUNTA DE GALICIA EN CAMPOLONGO,
Pontevedra
NUBES E NÓMADAS

martes 26 de outubro, 20h.
ESPACIO DE ARTE SVT, Vigo
SLAPBACK

xoves 28 de outubro, 20h.
IGREXA MONACAL CONVENTUAL DE SAN DOMINGOS,
Tui
OFICIO DE ARMAS

sábado 30 de outubro, 20h.
MARCO, Vigo
SAÍR [vir]

sábado 30 de outubro, 20h.
CONCATEDRAL DE SANTA MARÍA DE VIGO, Vigo
NOITES BRANCAS

domingo 31 de outubro, 19h.
AUDITORIO MARTÍN CÓDAX, Vigo
TEMPO EXPOSTO E...